



Acta de constitución da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Autonómico de Centros Especiais de Emprego de Galicia

En Santiago de Compostela, ás doce horas do día vintedous de xullo de dous mil nove, na sede de Consello Galego de Relacións Laborais, reúnen-se as persoas que a continuación se sinalan:

Representación empresarial:

Manuel Veiga Iglesias (CESMIGA)
Ignacio Rodríguez Sáez (CEGASAL)
M^a Jesús Pérez Piñeiro (CEGASAL)

Representación sindical:

Marisa Rodríguez Vázquez (UGT-Galicia)
Álvaro Cajigal García (CHTX-UGT)
Clara Gamarra Lozano (SN de CCOO de Galicia)
Roberto Alonso Iglesias (CIG Servizos)
Alexandre Lago Portela (CIG Servizos)

Asiste á xuntanza o presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, Demetrio Fernández López.

O motivo da xuntanza é constituír a comisión negociadora do convenio colectivo autonómico de Centros Especiais de Emprego de



Galicia. Logo das oportunas deliberacións e debate, acordan o seguinte.

1º.- Constituír a comisión negociadora do convenio ante dito.

2º.- As dúas partes recoñécense lexítimidade e capacidade dabondo para a negociación e sinatura do citado convenio colectivo,

3º.-Por parte do Consello Galego de Relacións Laborais se solicitará certificación da representatividade sindical que se aportará ao comezo da vindeira xuntanza.

4º.- Establécese un calendario de xuntanzas, sendo a primeira o xoves 10 de setembro, ás 11 horas, e sucesivamente cada 15 días á mesma hora na sede do Consello Galego de Relacións Laborais.

5º.- Recabarase do CGRL a asistencia técnica que resulte precisa para o correcto desenvolvemento do proceso, remitíndose a este organismo as sucesivas propostas para a súa circulación á contraparte.

6º.- As dúas partes se comprometen a desenvolver o proceso negociador de boa fe.

Manuel Velga, en representación de CESMIGA, manifesta que non ten capacidade para negociar este convenio pola diferenciación que se fai entre centros con e sen ánimo de lucro. É por iso que CESMIGA non formará parte da comisión negociadora.

E non tendo máis asuntos que tratar se levanta a xuntanza, no lugar e data *ut supra*, ás trece horas, asinando a presente acta en proba de conformidade por triplicado.

